

## **O CONCELLO DE PORTO DO SON VAI DESENVOLVER NO MES DE XUÑO UNHA NOVA ACCIÓN FORMATIVA NO ÁMBITO DO COOPERATIVISMO.**

**Esta acción formativa, gratuíta e de 20 horas de duración, é puntuable para o baremo de marisqueo a pé (PERMEX).**

O Concello de Porto do Son, como entidade adherida á Rede Eusumo, e a unión de cooperativas Espazocoop, poñen en marcha unha nova acción formativa no ámbito do cooperativismo que terá lugar os días 12, 13, 14 e 15 de xuño en horario de 09.30h a 14.30h.

Baixo o título de “Emprender en Solidario. Formación cooperativa para emprendedores/as”, as persoas participantes traballarán aspectos como:

- O emprendemento e outras formas de emprego.
- O emprendemento colectivo e en cooperativa.
- Principios e valores do cooperativismo.
- A organización nas sociedades cooperativas.
- Etc.

Esta acción formativa, está dirixida a persoas con inquiredanzas e interese no traballo cooperativo, emprendedores e público interesado en xeral. Ademais, esta actividade está incluída no catálogo de formación puntuable para obter os PERMEX de marisqueo a pé (0,40 puntos).

As persoas interesadas deben facer a súa inscrición presencialmente, do 4 ao 8 de xuño, no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 30 de maio de 2018.